



## PROGRAMA “ACTÚA”

Esta convocatoria que se desenvolve no marco do Plan eduemprende vai dirixido a fomentar, motivar e sensibilizar no espírito emprendedor ao alumnado de ciclos formativos de grao medio e superior das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño e de bacharelato que estean a cursar “Economía”.

### QUEN ORGANIZA?

Esta acción establécese dentro dun ámbito de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) en resposta á importancia da cultura emprendedora no desenvolvemento persoal e profesional da xente nova para a mellora da competitividade e da empregabilidade así como para a sensibilización da comunidade educativa cara a favorecer a introdución do espírito emprendedor no noso sistema educativo.

### OBXECTIVO

O obxectivo deste programa é achegar a realidade emprendedora ao alumnado dos centros educativos coa presenza activa de persoal técnico do IGAPE e dunha/s persoa/s emprendedora/s que dean a coñecer ao alumnado a súa experiencia persoal, como ferramenta que lle permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Tamén se pretende pór en valor o traballo desenvolvido polo profesorado e o alumnado na aula.

### DESTINATARIOS

Alumnado de centros sostidos con fondos públicos de Galicia, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de:

- Segundo curso de ciclos formativos de grao medio e superior das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño.
- Bacharelato que estean a cursar “Economía”.

### DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

- **Fase 1: A actividade emprendedora como unha alternativa laboral para o alumnado.**

Participación de persoal técnico do IGAPE e presentación dunha persoa emprendedora.

O profesorado programará unha sesión na aula para presentar e reflexionar sobre a actividade que se vai realizar na fase 1.

O profesorado debe enviar ao enderezo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) o **Anexo II** coa información relativa a esta actividade desenvolvida na aula.

- **Fase 2: Análise na aula entre o profesorado e o alumnado participante na actividade para obter conclusións.**

O profesorado participante enviará ao enderezo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) a ficha de recollida de datos que figura como **Anexo III**.



A actividade na Fase 1 ten unha duración aproximada de 90 minutos.

Os centros educativos solicitantes poderán celebrar esta actividade na Fase 1 de xeito presencial ou virtual. A escolla da modalidade presencial deberá de garantir as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde derivadas da actual situación sanitaria.

- Participación de persoal técnico do IGAPE. Presentará e coordinará a actividade, contestando ás cuestións, dúbidas e inquiredanzas que o alumnado asistente formule. Favorécese a participación activa do alumnado.
- Presentación dunha/s persoa/s emprendedora/s que compartan co alumnado a súa experiencia persoal (como xurdiu a súa idea, como puxo en marcha a súa empresa, que problemas tivo e como os solucionou, como o financiou...).
- Mesa redonda. Estas persoas participarán nun debate compartindo os distintos puntos de vista, lanzando preguntas entre eles para afondar naqueles aspectos que poidan interesar máis ao alumnado e provocando a participación deste respondendo ás cuestións ou preguntas que xurdisen.

## **SOLICITUDES**

A solicitudes enviaranse, segundo o modelo do Anexo I, ao enderezo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) co seguinte asunto: Programa Actúa 2020-2021, indicando a modalidade presencial ou virtual.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria en <https://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o 9 de decembro de 2020.

## **SELECCIÓN DE CENTROS**

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado e a adecuación das preferencias á dispoñibilidade do persoal técnico do IGAPE.

Unha vez sinalada a data de desenvolvemento da actividade no centro, este deberá enviar ao enderezo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es), os datos da/s persoa/s emprendedoras propostas polo centro para a súa participación, co seguinte asunto: PROGRAMA ACTÚA .

A listaxe dos centros seleccionados publicarase en :

<http://www.edu.xunta.es/fp/programa-eduemprende-actua>

## **CALENDARIO E HORARIO**

As actividades que requiran a participación de persoal técnico do IGAPE e da/s persoa/s emprendedora/s realizaranse os martes, mércores e xoves desde xaneiro de 2021 ata o 31 de maio de 2021.

O horario desenvolverase en dúas quendas:

- De 9:00 a 11:00 horas
- De 12:00 a 14:00 horas

Axudicarase unha actividade por centro, na que poderán participar varios grupos de alumnado de ciclos formativos de grao medio e superior das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño, e de bacharelato.

A data de inicio do programa será o 12 de xaneiro de 2021.

## **INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación e Universidade - coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a norma que a desenvolve, no propio formulario do anexo I, e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

A sinatura e presentación da solicitude implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os datos de contacto coa persoa delegada de protección de datos están accesibles no seguinte enderezo <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

#### PROGRAMA EDUEMPRENDE ACTÚA CURSO 2020-2021

Acción:	PROGRAMA EDUEMPRENDE ACTÚA: “A actividade emprendedora como chave para o teu futuro”		
Centro:			
Localidade:		PROVINCIA:	
Persoa de contacto:			
Teléfono de contacto:		Mail de contacto:	
Data de preferencia para desenvolvemento da actividade no centro:			
Modalidade (i):			
Observacións(ii):			

- i. Sinalar PRESENCIAL ou VIRTUAL.
- ii. Por exemplo, se participan outros centros.

CICLOS S/M/O (ii)	Denominación do ciclo	Número de asistentes

- iii. Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) e a adecuación das preferencias á dispoñibilidade do persoal técnico do IGAPE.
- iv. Ciclos participantes: (S) Superior, (M) Medio, (O) Outro nivel educativo.



Eu <sup>(1)</sup>,

en calidade de <sup>(2)</sup>,

do Centro antes citado, e na data indicada, confirmo a solicitude desta actividade.

Asinado <sup>(3)</sup>

Data:

<sup>(1)</sup> Nome e apelido do que fai as veces de representante/interlocutor da entidade para esta comunicación

<sup>(2)</sup> Cargo que ocupa: Director/a, Secretario/a, Coordinador/a de Emprendemento, Orientador/a, Profesor/a da materia, etc.

<sup>(3)</sup> Enviar escaneado

**ANEXO II:**

**PROGRAMA EDUEMPRENDE ACTÚA CURSO 2020-2021**  
**FICHA DE RECOLLIDA DE DATOS DA FASE 1**

Acción:	PROGRAMA EDUEMPRENDE ACTÚA: “A actividade emprendedora como chave para o teu futuro”		
Centro:			
Localidade:		PROVINCIA:	
Data:			
Observacións:			

CICLOS S/M/O <sup>(ii)</sup>	Denominación do ciclo	Número de asistentes

(ii) Ciclos participantes: (S) Superior, (M) Medio, (O) Outro nivel educativo.

**Valoración da entidade**

(a) > Actuacións e actividades desenvolvidas na aula
--



(b) > Aspectos destacables negativos / a mellorar da actividade

(c) > Outras observacións

**Certificación da entidade**

Eu <sup>(1)</sup>,

en calidade de <sup>(2)</sup>,

do Centro antes citado, e na data indicada, confirmo que se desenvolveu esta actividade.

Asinado <sup>(3)</sup>

Data:

<sup>(1)</sup> Nome e apelido do que fai as veces de representante/interlocutor da entidade para esta comunicación

<sup>(2)</sup> Cargo que ocupa: Director/a, Secretario/a, Coordinador/a de Emprendemento, Orientador/a, Profesor/a da materia, etc.

<sup>(3)</sup> Enviar escaneado

## ANEXO III: PROGRAMA EDUEMPRENDE ACTÚA CURSO 2020-2021

### FICHA DE RECOLLIDA DE DATOS FINAIS

<b>Acción:</b>	PROGRAMA EDUEMPRENDE ACTÚA: “A actividade emprendedora como chave para o teu futuro”		
<b>Centro:</b>			
<b>Localidade:</b>		<b>PROVINCIA:</b>	
<b>Data:</b>			
<b>Observacións(i):</b>			

(i) Por exemplo, se participaron outros centros.

#### (II) > Datos estatísticos

CICLOS S/M/O <sup>(ii)</sup>	Denominación do ciclo	Número de asistentes

<sup>(ii)</sup> Ciclos participantes: (S) Superior, (M) Medio, (O) Outro nivel educativo.

#### (II.a) > Xénero % do total

<b>Mulleres:</b>	_ %
<b>Homes:</b>	_ %
<b>TOTAL:</b>	100 %

#### (II.b) > Idade % do total

<b>&lt; 18 anos</b>	_ %
<b>&gt; 18 e &lt; 25 anos</b>	_ %
<b>&gt; 25 anos</b>	_ %
<b>TOTAL</b>	100 %





(II.c) > Situación

% do total <sup>(iii)</sup>

Número <sup>(iii)</sup>

Xa teñen unha titulación universitaria:	_ %	
Está traballando ao mesmo tempo:	_ %	
Ten a súa propia empresa, autónomo:	_ %	
Observacións:	• ...	

<sup>(iii)</sup> No caso de coñecer a porcentaxe ou se é mais doado, o número aproximado de persoas

(III) > Valoración da entidade

(III.a) > Aspectos destacables positivos / a potenciar da actividade
(III.b) > Aspectos destacables negativos / a mellorar da actividade
(III.c) > Outras observacións

(IV) > Certificación da entidade

Eu <sup>(1)</sup>,

en calidade de <sup>(2)</sup>,

do Centro antes citado, e na data indicada, confirmo que se desenvolveu esta actividade.

Asinado <sup>(3)</sup>	
Data:	

<sup>(1)</sup> Nome e apelido do que fai as veces de representante/interlocutor da entidade para esta comunicación

<sup>(2)</sup> Cargo que ocupa: Director/a, Secretario/a, Coordinador/a de Emprendemento, Orientador/a, Profesor/a da materia, etc.

<sup>(3)</sup> No caso de copia electrónica da sinatura ou para imprimir e enviar escaneado